

XAVIER LABANDEIRA

Economista e docente vigués no comité para a reforma fiscal

"ESPAÑA TEN DEBERES PENDENTES NO EIDO DA ECONOMÍA VERDE, HAI BASTANTE QUE FACER"

S. FERNÁNDEZ, VIGO
ccala@atlantico.net

PERFIL

Lugare data de nacemento:

Vigo, 1967

Cargo:

Catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Vigo
Director de Economics for Energy

Títulos:

Licenciado en Ciencias Económicas (1990)
Máster en Economía Ambiental
Doutorado en Economía (1998)

■ O economista vigués Xavier Labandeira, que dá clase na Universidade de Vigo, foi un dos 17 elixidos polo Goberno para formar parte do comité de expertos que asesorará ao Executivo español sobre a reforma fiscal anunciada recentemente por Pedro Sánchez. Labandeira, xunto co tamén vigués e docente da UVigo Santiago Lago, son os dous únicos representantes galegos neste comité.

Que significa para vostede ser elixido para formar parte deste comité?


Eu creo que é unha honra. Sempre que te escollen polo teu traballo académico, que este é o caso, e para un tema tan relevante para a sociedade, é unha sensación moi positiva de recoñecemento persoal e tamén de grande responsabilidade. Tamén estou moi contento por que a nosa universidade teña dous representantes.

Que obxectivo se plantea a título persoal con vistas a esta reforma fiscal?

Eu espero poder contribuír aos traballos de esta comisión a partir do moito que teño traballado con moitos autores neste tipo de asuntos durante as últimas décadas. Son un economista público con moitas experiencias en impostos para o medio ambiente. Estarei aí para intentar contribuír e colaborar co resto de compoñentes.

Que cambios máis inmediatos implantaría vostede no sistema fiscal español?

Non é o momento de falar disto. Imos comezar un traballo colexiado nunha comisión e as miñas opinións persoais non importan.



Xavier Labandeira dá clase na Universidade de Vigo.

AS FRASES

✓ "É unha honra formar parte deste comité. Sempre que te escollen polo teu traballo académico para un tema tan relevante para a sociedade é unha gran sensación de recoñecemento persoal e tamén de grande responsabilidade"

✓ "Un dos obxectivos é estudar con detalle como facer unha transición a unha economía descarbonizada"

✓ "Hai moitas opcións para aportar á loita contra o cambio climático dende a economía"

Vostede é experto en economía verde. Cre que España conta cunha política fiscal compatible con obxectivos de sustentabilidade?

Eu creo que España ten grandes deberes pendentes neste eido. É algo que moitos que traballamos neste asunto no mundo académico levamos dicindo e creo que o Goberno é consciente disto. Por iso un dos obxectivos desta comisión é estudar con detalle como se pode facer. Isto tamén ten que ver cun fenómeno de transición a unha economía baixa en carbono ou descarbonizada en poucas décadas e vai necesitar moito para conseguilo. Tamén ten que ver con requisitos externos. Outras

"TEMOS UNHA PRESIÓN FISCAL MENOR QUE A DA CONTORNA"

■ **Nos últimos tempos fátase moito da presión fiscal en España ata o punto de calificala de "inferno fiscal". Vostede cre que é así?**

Non. Obviamente, non é agradable para a xente pagar impostos, pero son completamente necesarios para manter os nosos servizos públicos e España de feito, segundo o que indican os datos que temos dispoñibles é que ten unha presión fiscal por debaixo dos países da noso entorno. O que temos que facer é que se queremos unha xestión económica eficaz, é imprescindible ter uns ingresos mínimos suficientes e logo conseguir un sistema fiscal que sexa xusto e eficiente.

Cre que estamos a tempo de deter o cambio climático?

Xa está en marcha, pero creo que estamos a tempo de mantelo dentro dun umbral. Aínda así, os efectos serán importantes, pero se non actuamos xa, non o conseguiremos. ■

institucións levan tempo recomendando a España un maior uso destas figuras. Hai bastante que facer.

Que se pode facer dende o eido económico para axudar a frear o cambio climático?

Unha das posibilidades é utilizar este tipo de instrumentos, como os impostos. Tamén se pode aportar dende outro tipo de eidos, como políticas que faciliten un desenvolvemento tecnolóxico que permita un despregue de infraestruturas eficiente para que esta transición sexa exitosa, valorando os seus impactos para saber que medidas adoptar. Hai moitas opcións. ■